



Por razóns de economía procedimental, no caso de asinar esta declaración voluntaria, a Secretaría Xeral do Mar, non realizará o requerimento mencionado nas liñas 1.a, 2.b e 3.c do artigo 4º do Real Decreto 1081/2012.

DECLARACION RESPONSABLE

Declaro que non achego as baixas ás que se refiren os apartados 1.a, 2.b e 3.c do artigo 4 do Real Decreto 1081/2012, do 13 de Xullo.

Esta declaración é voluntaria e leva aparelada a aplicación do establecido no artigo 5.b do citado Real Decreto, que dispón que: *Nos expedientes nos que os armadores ou propietarios non achegaran as baixas, ou non superaran o proceso de regularización, dítase resolución desfavorable, e procederase á anotación das características reais nos rexistro e anotarase tamén que estes buques non poderán recibir ningún tipo de axuda pública, nin ser achegados como baixa en ningún caso durante a súa vida útil, ao final da cal deberán ser despezados sen ningunha subvención, de acordo co disposto no artigo 111.5 da Lei 3/2001, do 26 de Marzo.*

Compre ter presente que tanto no caso de que se presente esta declaración no momento da solicitude, como no caso de que se decida non achegar baixas tras esgotar o prazo do requerimento efectuado pola administración, consoante ao disposto no devandito artigo 5, o armador ou propietario poderá en calquera momento levantar as aludidas limitacións cando se acheguen as baixas pertinentes.

Lugar e data,

Sinatura